


IRIA ALCALDE E LUCÍA ALVEDRO, DE 3ºESO, ENTREVISTAN Á ESCRITORA **ANDREA MACEIRAS**, EN RELACIÓN CO SEU LIBRO **O QUE SEI DO SILENCIO**.



O relato está baseado en feitos reais?

Así é. A novela está libremente inspirada nun suceso que me contou unha amiga que é profesora. Tratábase dun caso de acoso escolar que incluía violencia física e psicolóxica con marcado carácter machista. Sobre esta base real está construída a ficción: os personaxes, as situacións... Iso non quere dicir que todo o que acontece na historia non poida suceder na realidade: por desgraza os relatos de acoso escolar son tantos e tan diversos como as súas vítimas.

Como te inspiraches para escribir acerca deste tema do acoso escolar? Viviches algunha vez unha situación parecida ou a algunha persoa da túa contorna pasoulle algo semellante?

Aínda que non vivín acoso escolar en primeira persoa, lembro perfectamente que no meu instituto si que había rapaces e rapazas que o sufrían. Cos anos, algúns dos meus amigos e amigas foron contándome experiencias que tamén tiñan que ver co acoso escolar. É algo que é máis común do que parece e no que, como explica Delia, a narradora de historia, podemos caer mesmo sen decatarnos. Porque para ser acosadores e acosadoras pasivos non hai que facer nada, tan só cruzarse de brazos e gardar silencio ante a inxustiza.

Por que quixeches escribir sobre o tema do acoso escolar?

Na actualidade hai moita máis concienciación sobre o acoso que cando eu era alumna. Porén, creo que aínda queda moito por facer. Resúltame difícil de crer que non sexamos capaces de lograr eliminar algo tan nocivo. Ninguén está libre de padecer acoso escolar e, por desgraza, ás veces ten consecuencias fatais para a vítima.

A historia trata do acoso escolar que sofre o personaxe de Silke e da pasividade dos que a rodean. Quen son os culpables ante un caso de acoso escolar? A indiferenza do colexio, pais, o agresor acaso?

O acoso escolar é un problema de todos e todas. Implica a toda a comunidade educativa, da que tamén forman parte as familias.

Hai moitas iniciativas que propoñen abordar o problema do acoso de forma colectiva e non centrándose só nos implicados directos (agresor e vítima). Unha delas é o proxecto KiVa, de orixe finesa, que parte da base de que o acoso ten que ser tratado desde todos os puntos da comunidade educativa e traballa con eles: agresor, vítima, acosadores pasivos, profesorado e persoal non docente dos centros escolares e tamén familias.

É imprescindible recoñecer que todos formamos parte do problema para entender que tamén somos parte da solución.

Nalgún momento no que estabas a escribir esta novela sentícheste incómoda? E identificada con algún personaxe?

Foi unha novela un pouco máis difícil que outras porque fala dun sentimento que normalmente nos parece incómodo: a culpa. Delia acosou de forma pasiva a Silke e agora síntese culpable. Por iso abre un blog no que confesar todo o que sucedeu. Con todo, a culpa forma parte da vida e axúdanos a comprender os erros cometidos e poder seguir adiante.

En canto aos personaxes, sen dúbida o que máis admiro é o de Elisa. Ela é unha rapaza forte capaz de poñer en palabras o que os demais calan.

Que aconsellas facer en caso de sufrir acoso escolar?

Non quedar calados, non pensar que estamos sos ante esta situación porque hai moita xente que está disposta a axudarnos. É necesario vencer o medo e pedir axuda. O máis intelixente é buscar un adulto de referencia (familia, profesor/a, amigo/a) que sexa de plena confianza e contarlle o que nos está a suceder. Mesmo aínda que pensemos que ninguén nos vai escoitar, sempre existe alguén disposto a facelo. Sempre que sufrimos debemos forzarnos a dar o paso e romper o silencio.

